

CONVOCATORIA 2026

RESIDENCIAS ARTÍSTICAS E INVESTIGACIÓN

ATOPEMOS BAILANDO

WWW.ATOPEMONOSBAILANDO.COM



Cía. Manon Marcel

© Mar De La Cruz

01
PROGRAMA

02
CONVOCATORIA

03
ESPACIOS

04
CONDICIONES

05
INSCRIPCIÓN

06
VALORACIÓN

07
QUEN
SOMOS

O PROGRAMA



OBXECTIVOS

O proxecto busca **impulsar e apoiar** a creación e investigación en danza e artes do movemento de compañías de ámbito galego, nacional e internacional, proporcionando un espazo para a realización de residencias de creación e investigación co fin de **difundir e aproximar** os procesos de creación en danza e artes do movemento á cidadanía.

5ª EDICIÓN

ATOPÉMONOS BAILANDO é o programa de residencias artísticas e de investigación coorganizado pola compañía de danza Colectivo Glovo e a área de Cultura, Turismo e Lingua do Concello de Lugo, co apoio da Xunta de Galicia a través de Agadic dirixido a creadoras de danza e artes do movemento de Galicia, resto de España, Portugal e Costa Rica co Museo MIHL da cidade de Lugo como epicentro.

ATOPÉMONOS BAILANDO pretende **xerar colaboración e traballo en rede** de axentes profesionais nacionais e internacionais mediante o intercambio de artistas e información de compañías.

EDICIÓN 2022

EDICIÓN 2023

EDICIÓN 2024

EDICIÓN 2025

A CONVOCATORIA

Chámase a profesionais de danza e artes do movemento con **sede en España e/o Portugal** a presentar os seus proxectos para a selección de **11 residencias** artísticas e/o de investigación (exclúense residencias técnicas) para ser realizadas entre os meses de abril a novembro de 2026 (sete delas en Lugo e seis en réxime de intercambio con estruturas de España, Portugal e Costa Rica)

O programa de residencias artísticas e de investigación **ATOPÉMONOS BAILANDO 2026** posibilita tamén o intercambio de seis *das residencias seleccionadas* a través da presente convocatoria con outros cinco programas de residencias nacionais e internacionais.

Estes intercambios son froito das colaboracións entre as Residencias AB de Lugo con entidades de **España, Portugal e Costa Rica**.

As residencias AB están destinadas a profesionais individuais ou equipos que fundamenten o seu **traballo artístico ao redor do movemento e o corpo**.

SOLICITUDE

Do 24 de marzo ao 5 de abril de 2026
(ata as 23.59h CET)

REALIZACIÓN

Do 6 de abril ao 30 de novembro de 2026

DURACIÓN

Residencias en Lugo: entre 5 e 10 días (abril – novembro 2026)

Residencia en intercambio con Costa Rica - Taller Nacional de Danza: 15 días (outubro – novembro 2026)

Residencia en intercambio con Portugal - Teatro Experimental Flaviense - Cine-Teatro Bento Martins – Chaves: 7 días (31 maio - 6 xuño de 2026)

Residencia en intercambio con Portugal - 34.^a Quinzena de Dança de Almada: 7 días (28 setembro – 5 outubro 2026)

Residencia en intercambio con Portugal - *teatromosca* (AMAS, Sintra) : 7 días (14 ao 20 setembro 2026)

Residencia en intercambio con Donostia-San Sebastián - Festival LABO XL: 7 días (5 ao 13 novembro 2026)

Residencia en intercambio con Centro Cultural de Macedo de Cavaleiros - Bragança: 7 días (22 ao 29 de novembro de 2026)

OS ESPAZOS

MUSEO MIHL LUGO

Trátase dun edificio modernista e espazo cultural na cidade de Lugo referente internacional da arquitectura contemporánea fundido na paisaxe do parque.
Conta con **dúas amplas salas polivalentes** así como outros espazos aptos para o traballo, incluíndo o **exterior**.

33ª QUINZENA DANÇA ALMADA

O espazo de traballo será a **sala Pablo Neruda**, unha sala polivalente ubicada no Fórum Municipal Romeu Correia.
A actividade expandida realizarase dentro da programación da Quinzena.

TEATRO EXPERIMENTAL FLAVIENSE CHAVES

Entidade dinamizadora cultural do norte de Portugal con sede no Cine-Teatro Bento Martins de Chaves. O espazo de traballo será o **escenario do teatro**.

TALLER NACIONAL DANZA COSTA RICA

Centro e institución culturais destinados á xestión, promoción e formación en danza situado na cidade de San José, Costa Rica.
Conta con **diversas salas e estudios adaptados a danza** de amplas dimensións.

FESTIVAL LABO XL DONOSTIA - SAN SEBASTIÁN


Este festival de novos espazos e linguaxes escénicos de San Sebastián posibilita a utilización do espazo de traballo en **Gipuzkoako Dantzagunea** (Diputación Foral de Gipuzkoa) en Errenteria, Gipuzkoa. Trátase dun **amplio espazo para danza** con varias salas de diferentes dimensións, unha delas multiusos.
A actividade expandida será dentro da programación do festival.

teatromosca - AMAS SINTRA

O espazo de traballo será a **Casa da Cultura Lívio de Moraes** ubicada en Agualva - Cacém. Trátase dunha **black box** onde tamén será realizada a actividade expandida.

CENTRO CULTURAL DE MACEDO DE CAVALEIROS

Trátase do principal espazo dinamizador e promotor regular das actividades culturais do concello, que pon á disposición varios espazos de traballo, desde **pequenas salas ata un escenario de tamaño medio**.



Cía. Tania González

AS CONDICIÓNS

COMPROMISOS DA ENTIDADE

- Rexistro audiovisual da residencia
- Remuneración: entre **700€ e 2000€** (IVE incluído) por residencia. Realizarase o pago nun prazo máximo de 40 días contando desde a entrega da memoria e a factura correspondente ao final do período de residencia. Todos os gastos relativos ás residencias correrán a cargo do solicitante, exceptuando as condicións específicas dos intercambios enumeradas a continuación
- ***Para o intercambio con Costa Rica – Taller Nacional de Danza*** xestionaranse e proporcionarán os billetes de avión a Costa Rica, ademais dos seus traslados, aloxamentos e manutención durante toda a residencia
- ***Para os intercambios con Portugal – Teatro Experimental Flaviense de Chaves, 33.^a Quinzena de Dança de Almada e teatromosca (AMAS - Sintra)*** xestionaranse e proporcionarán os gastos correspondentes ao aloxamento e manutención, durante toda a residencia. **Os gastos correspondientes a viaxes e traslados correrán a cargo do solicitante.**
- Promover a vinculación entre as compañías seleccionadas e espazos ou colectivos de interese

COMPROMISOS DO ARTISTA

- Realizar a residencia no período acordado por ambas as partes
- Firma do contrato antes do inicio da residencia
- Realizar unha **actividade de mediación**: sesión aberta da residencia para a comunidade local e/o comunidade artística do territorio ou realizar un taller (a definir pola solicitante)
- Realizar unha **memoria descriptiva** da residencia (máximo 5 páxinas) e entrega nun prazo máximo de 15 días desde a finalización da residencia
- Autorizar o rexistro en vídeo e foto da residencia
- **Incorporar os logotipos** de ATOPÉMONOS BAILANDO na documentación que xere o proxecto, así como compartir e etiquetar en redes sociais ao mesmo
- **Respectar as instalación e o entorno**
- ***Para o intercambio con Costa Rica – Taller Nacional de Danza*** é imprescindible ter dispoñible un máximo de 2 semanas consecutivas entre os meses de outubro e novembro de 2026, ademais de cumprir coas bases xerais
- ***Para o intercambio con Portugal 33.^a Quinzena de Dança de Almada*** é imprescindible ter dispoñible do 28 de setembro ao 5 de outubro de 2026, ademais de cumprir coas bases xerais
- ***Para o intercambio con Portugal teatromosca (AMAS - Sintra)*** é imprescindible ter dispoñible do 14 ao 20 de setembro de 2026, ademais de cumprir coas bases xerais
- ***Para o intercambio con Donostia-San Sebastián LABO XL*** é imprescindible ter dispoñible do 5 ao 13 de novembro de 2026, ademais de cumprir coas bases xerais
- ***Para o intercambio con Centro Cultural de Macedo de Cavaleiros - Bragança*** é imprescindible ter dispoñible do 22 ao 29 de novembro de 2026, ademais de cumprir coas bases xerais

A INSCRIPCIÓN

DOCUMENTACIÓN A APORTAR NUN ÚNICO DOCUMENTO

- **Dossier descriptivo** dos obxectivos da residencia, metodoloxía, contidos e links a traballos anteriores (máximo 5 páxinas)
- **Duración** da residencia e **estrutura** do traballo para desenvolver e **proposta de actividade de mediación** (contidos, público destinatario e duración, máximo 2 páxinas)
- **Currículum** do equipo artístico e técnico do proxecto (máximo 1 páxina por artista)
- **Datos completos da residencia fiscal** do solicitante, relación do DNI dxs participantes na residencia e rol no proxecto
- **Deberá especificar claramente en cal ou cales das modalidades de residencia está interesadx**



Gía. Natalia Navarro

formulario

A VALORACIÓN



Nomearase unha comisión de valoración de proxectos formada por profesionais do sector.

Se reserva aproximadamente un 50% das residencias para profesionais de Galicia.

A resolución publicarase **a partir do 6 de abril de 2026** na páxina web de www.atopemonosbailando.com e nas súas redes sociais.



A compañía de danza **Colectivo Glovo** formada por Esther Latorre (Galicia) e Hugo Pereira (Porto) son os xestores do programa de residencias artísticas e de investigación Atopémonos Bailando.

Con sede en Galicia, traballan na **creación da escena** tanto para teatro como rúa e espazo non convencional, así como **xestores culturais**, xa que un dos seus principais obxectivos é aumentar as dimensións de alcance das dinámicas do corpo e xerar redes entre artistas, entidades e cidadanía.



QUEN SOMOS

FALAMOS?

EMAIL

atopemonosbailando@gmail.com

PÁGINA WEB

www.atopemonosbailando.com


CONTACTO



ATOPÉMONOS BAILANDO É UN PROXECTO COORGANIZADO POLA COMPAÑÍA DE DANZA COLECTIVO GLOVO E A ÁREA DE CULTURA, TURISMO E LINGUA DO CONCELLO DE LUGO



CO APOIO DE



COLABORAN





A B

A T O P É M O N O S B A I L A N D O

RESIDENCIAS ARTÍSTICAS E INVESTIGACIÓN